



Segundo
Observatorio da
Sostibilidade da
Cultura Escrita

(2024-2025)

Iniciativa promovida por CEDRO
Outubro 2024

Introdución

O traballo de **escritores/as, tradutores/as, xornalistas e editores/as** é un pilar fundamental na nosa sociedade, ademais de pola súa capacidade de entretemento, sobre todo polo seu impacto na educación, o desenvolvemento persoal e profesional e a cohesión social.

Co obxectivo de analizar a situación dos dereitos de autor do mundo do libro e a prensa e identificar as posibles melloras necesarias para garantir a supervivencia do sector editorial (**libros, xornais, revistas e partituras**), CEDRO lanzou en 2023 o Observatorio da Sostibilidade da Cultura Escrita.

O primeiro Observatorio identificou dous problemas do sector:

- 1.** A falta de remuneración aos autores e editores por parte das administracións públicas e do sector privado en relación coa reutilización de contidos editoriais (libros, xornais, revistas e partituras), cuestión primordial que non sucede no resto dos países europeos.
- 2.** O incremento exponencial que experimentou nos últimos anos a pirataría dixital de contidos editoriais, así como a disonancia cognitiva que se produce nos consumidores que acceden ao contido pirata (recoñéceno e saben que está mal, mais non o rexeitan).

Ambos os dous aspectos poñen en risco o sector da cultura escrita, posto que xeran unha desvantaxe competitiva para os autores e editores do país fronte aos seus colegas europeos. Neste estudo identificáronse varias medidas que podían axudar a mellorar a situación do sector, como:

- 1.** Educar e formar en boas prácticas sobre a propiedade intelectual cos recursos existentes en todos os ámbitos da sociedade, nomeadamente na comunidade educativa.
- 2.** Remunerar de xeito adecuado a reutilización das obras editoriais e que sexa a Administración pública quen lidere este proceso. Isto serviría de exemplo para o sector privado, tal e como sucede nos países da nosa contorna, e suporía un pagamento de dereitos de autor de 44,67 millóns de euros, dos que 24,93 virían do sector público.

Neste segundo Observatorio, que se presenta en 2024, tratamos de dar resposta a eses problemas que se identificaron no estudo anterior, polo que se explora, por unha banda, en que medida a sociedade valora e está disposta a remunerar o traballo dos escritores, tradutores, xornalistas e editores. E, por outra banda, a partir do concepto de disonancia cognitiva, explorar as xustificacións e os nesgos que a tecnoloxía utiliza, aqueles que dirixen os consumidores cara á pirataría de contidos editoriais.

Este estudo foi levado a cabo por Qbo Investigación y Estrategia a partir de grupos de traballo e enquisas.

A finalidade última do Observatorio é identificar as accións necesarias que se dirixan a potenciar na sociedade os valores que impulsan os contidos editoriais.

Primeira parte

O valor do trabalho autoral e editorial da cultura escrita

1



Este estudo analiza cales son os valores que os cidadáns outorgan aos contidos editoriais nas súas diferentes manifestacións e nos distintos tipos de reutilizacións que se fan destes.

A cultura escrita, un ben valorado pola sociedade

Todos os enquisados destacan o valor do traballo dos escritores, tradutores, xornalistas e editores na creación e difusión de contidos de calidade e recoñecen a importancia das obras editoriais na nosa sociedade, así como o papel que a Administración pública ten que desempeñar no desenvolvemento da cultura escrita e no fortalecemento dos dereitos de propiedade intelectual dos seus autores e editores.

92 %

O **92 % dos consultados** identifica o autor e o editor como a garantía de calidade e credibilidade do contido, tanto nos libros como nos xornais, as revistas e as partituras.



Do colectivo autoral destacan:

- ✓ A experiencia vital e profesional.
- ✓ A investigación e documentación.
- ✓ O tempo investido.
- ✓ O estilo de escrita.



Do colectivo editorial destacan:

- ✓ O labor de análise de mercado.
- ✓ A selección dos temas e dos autores.
- ✓ O rigor e a calidade.
- ✓ A actividade comercial.

De aí, por exemplo, que a maioría considere que **os autores e os editores profesionais sexan quen deben elaborar os contidos educativos** e non as administracións públicas ou outros axentes.

Do mesmo xeito, entre os participantes neste estudo obsérvase **unha gran confianza nos materiais publicados por este tipo de editoriais para facilitar contidos en aberto**, por riba doutras fontes de información como, por exemplo, internet.

A sociedade valora moi positivamente o traballo dos/as autores/as e os/as editores/as, porque son unha garantía da calidade e credibilidade dos contidos, e prefire os seus materiais aos producidos por outros axentes.

A cultura escrita, un ben esencial para o desenvolvemento

Recurso transformador

Os beneficios derivados da cultura escrita concrétanse en dous planos complementarios:


1. PARA O INDIVIDUO

- ✓ É a base do coñecemento.
- ✓ Fortalece o pensamento crítico e protexe contra a manipulación.
- ✓ É un vehículo de aprendizaxe e progreso persoal e profesional.
- ✓ Supón unha parte esencial da cultura e a educación.
- ✓ Transmite valores.
- ✓ Estimula a creatividade e o enxeño.

2. PARA A SOCIEDADE

- ✓ É máis crítica e libre.
- ✓ É máis tolerante, respectuosa, cívica e xusta.
- ✓ É máis culta e evolucionada.
- ✓ É máis rica no intelectual e no material. Presenta un maior futuro.

A cultura escrita enriquece o individuo con coñecemento, creatividade e capacidade crítica; e á sociedade, con liberdade, tolerancia e avance cultural.



Recurso versátil

O enriquecemento persoal e intelectual e adquirir os coñecementos e a cultura que proporcionan os contidos editoriais son os aspectos máis relevantes para o conxunto das persoas enquisadas.

De igual xeito, ven estas publicacións como instrumentos para o desenvolvemento do pensamento crítico e o crecemento profesional, ademais de atribuírenlles outras utilidades vinculadas co ocio, como son a evasión e vivir outras experiencias.

Estes resultados suxiren que os contidos editoriais son vistos como recursos versáteis, capaces de ofrecer beneficios significativos ás persoas tanto no ámbito persoal como no profesional.

Aspectos máis relevantes para a sociedade

| | | |
|--|---|--|
| Enriquecerme como persoa. | Medrar intelectualmente. | Ter educación e cultura. |
| Vivir outras experiencias e evadirme | Fomentar a imaxinación, inspirarme, estimularme. | Axudarme a pensar por min mesmo e desenvolver unha mentalidade crítica. |
| Mellorar na comprensión e entendemento dos temas. | Medrar profesionalmente. | Distraerme, entreterme, divertirme. |

A cultura escrita dá resposta ás necesidades de coñecemento, información e entretemento da sociedade e adáptase ás súas expectativas e demandas, con especial incidencia no mundo educativo e no laboral.

Recurso de calidade e veracidade

Os atributos que os públicos consultados destacan máis dos materiais editoriais son a súa calidade e veracidade. Consideran que proporcionan contidos e información ben fundamentados e fieis á realidade, o que facilita o coñecemento e evita a desinformación.

Ademais, valoran o uso dun criterio e linguaxe acaídas, que contribúen á claridade e accesibilidade dos temas tratados. Estes materiais son tamén estimados pola súa capacidade para estruturar e guiar o proceso de ensino no ámbito docente, pois facilitan a aprendizaxe e melloran a comprensión e o desenvolvemento dos estudantes e profesionais.

A cultura escrita desempeña un papel chave na sociedade como fonte de coñecementos e informacións veraces e de calidade, que melloran os procesos educativos e profesionais.

É necesaria unha Administración pública que valore e respecte os dereitos de propiedade intelectual

Importancia da protección da propiedade intelectual

O informe demostra a importancia que outorga a cidadanía á protección dos dereitos de propiedade intelectual dos autores e editores e a necesaria implicación da Administración pública na súa protección:


93,97 %

O **93,97% dos consultados** considera importante a propiedade intelectual para o desenvolvemento da sociedade.


87,57 %

O **87,57 % dos consultados** considera necesario que a Administración pública lidere o recoñecemento e respecto dos dereitos de propiedade intelectual.

Importancia da propiedade intelectual



Necesidade de que a Administración lidere o respecto aos dereitos de propiedade intelectual



Aínda que os cidadáns demostraron que consideran importante que a Administración pública protexa os dereitos de autor, o 71% dos participantes opina que as administracións públicas non implementan políticas dirixidas á protección dos dereitos de propiedade intelectual e á remuneración para os autores e editores pola reutilización dos seus contidos.

Ambos os dous aspectos son chave no desenvolvemento e a sostibilidade das obras editoriais.

Existe un amplo consenso na sociedade sobre a importancia dos dereitos de propiedade intelectual e a necesidade de as administracións públicas se involucraren na súa protección e respecto.

Razóns para apoiar os autores e editores

As razóns polas que os consultados consideran que o sector público debería interesarse pola cultura escrita e investir nos autores e editores de contidos editoriais son as seguintes

1

Mellora da sociedade:

Constrúen unha sociedade máis evolucionada, culta, rica e próspera, cun mellor futuro, máis tolerante e cívica, máis comprometida, creativa e dinámica e con maior vitalidade.

2

Garantía de futuro:

Preservan o coñecemento, fomentan a xeración de novas ideas, contidos e comunicación e facilitan a transmisión de ideas ás novas xeracións.

3

Crecemento no ámbito educativo:

Son a base de novos e máis contidos dirixidos a todos os niveis de ensino.

4

Progreso no ámbito profesional:

Desenvolven habilidades que aumentan a eficiencia e a competitividade no ámbito profesional.

5

Aumenta a reputación do sector público:

Facilitan que a Administración pública sexa vista como unha organización que se preocupa polos cidadáns e o ben común; que aposta pola cultura e a educación, transparente, aberta e positiva; que traballa polo futuro, e pola que se sentir orgulloso.

A Administración pública que inviste nos/as autores/as e os/as editores/as mellora a sociedade, asegura o futuro, impulsa a educación e o progreso profesional e fortalece a reputación do sector público.

Razóns polas que protexer os dereitos de autor

A implicación da Administración pública na protección da propiedade intelectual da cultura escrita melloraría a súa reputación, a súa responsabilidade social e a sostibilidade do sector público.

En xeral, as persoas enquisadas consideran que unha acción decidida neste sentido fortalecería os fundamentos éticos e de bo goberno, como, por exemplo, a transparencia e a integridade na súa actuación. Por este motivo, velar por estes dereitos axudaría a xestión pública a cumprir cos criterios ESG (en inglés, Environmental, Social and Governance, 'medioambiental, social e gobernanza') e á súa profesionalización.

De igual xeito, esta enquisa revela que unha Administración pública que protexe os dereitos de autor demostra un compromiso co futuro da súa comunidade e o benestar dos seus cidadáns. Esta protección supón tamén promover un medio que valora e fomenta o desenvolvemento cultural e tecnolóxico, asegurando así o enriquecemento e o equilibrio da sociedade, tanto no presente como no futuro.

A Administración pública que protexe os dereitos de autor mellora a súa reputación e a súa responsabilidade social, aliñándoa cos criterios ESG e fomentando o desenvolvemento cultural e tecnolóxico da sociedade.

Accións de apoio á cultura e os dereitos de autor

As iniciativas públicas vencelladas coa cultura escrita –de acordo coa investigación realizada– que contan con maior apoio social son as seguintes:


1. Impulsar o desenvolvemento cultural a través dos escritores e xornalistas locais e protexer os dereitos de autor.
2. Fomentar a cultura desde as bibliotecas, físicas e dixitais, e as feiras do libro.
3. Desenvolver o pensamento crítico dos cidadáns.
4. Favorecer a información de calidade creada polos editores.
5. Reivindicar a historia e a identidade cultural.

A cultura escrita é o noso patrimonio cultural e debe ser fortalecida e protexida pola Administración pública, pois é a nosa garantía de futuro como individuos e como sociedade.

Segunda parte

Coñecer o pirata e as súas motivacións

2



Dado o incremento da pirataría nos últimos anos, no Observatorio levouse a cabo un estudo que favoreza a comprensión en profundidade das xustificacións que esgrimen os consumidores piratas, así como os nesgos que a tecnoloxía explota neste contexto, co obxectivo de que, partindo dos resultados extraídos, poida deseñarse unha estratexia que axude a combater esta práctica ilícita desde a súa raíz cognitiva.

80 %

O 80% dos consumidores considera que é o mesmo piratear un libro dixital que rouballo fisicamente. Aínda así, o roubo dixital de contidos continúa

A pirataría, unha práctica moi estendida

Tal e como se constatou no primeiro Observatorio da Sostibilidade da Cultura Escrita, este novo estudo corrobora que a pirataría de contidos editoriais está amplamente estendida e normalizada entre os consumidores. Esta práctica afecta negativamente á industria editorial, a saber: reduce os ingresos e desincentiva a creación de novas obras.

Tipos de pirataría

Segundo a investigación realizada, as canles de acceso máis utilizadas para acceder ás copias piratas de libros, xornais, revistas e partituras son as plataformas de mensaxería instantánea e redes sociais (onde se comparten ligazóns e arquivos); as webs ilegais de descarga e as plataformas dixitais; a nube e as plataformas P2P (peer to peer).

Un dos resultados máis relevantes e preocupantes **deste estudo amosa que, do total de persoas que consome publicacións editoriais en formato dixital, o 67,50% accede a elas por canles ilícitas**. Isto indica que a pirataría deste tipo de obras está amplamente estendida e que, a pesar da dispoñibilidade de opcións de compra legal, moitos consumidores optan por acceder aos contidos de maneira non autorizada. Analizando con máis detalle este tipo de accesos, poderíamos concluir que existen distintos tipos de piratas en función do coñecemento da ilicitude da súa actividade, a saber:

Non consciente:

Accede aos contidos desde canles susceptíbeis de seren accesos piratas (o 40% da poboación que consome de maneira ilícita contidos editoriais).

Consciente:

É o pirata en sentido estrito. Sabe distinguir que contido é pirata e, aínda así, accede ilegalmente (o 60% da poboación que consome de maneira ilícita contidos editoriais)

Para loitar contra a pirataría é preciso, primeiro, informar ao pirata non consciente de que está desenvolvendo unha actividade ilícita e, segundo, é necesario axudar ao pirata consciente a mudar o seu xeito de pensar. Neste último caso, é preciso desenvolver unha estratexia que teña en conta as xustificacións que proporcionan estes usuarios, así como os nesgos cognitivos que hai detrás delas.

O 67,50% dos consumidores de publicacións editoriais faino a través de canles ilícitas, aínda que existen diferentes niveis de conciencia sobre a pirataría. Esta práctica está amplamente estendida e normalizada a pesar das opcións legais dispoñíbeis, polo que sería importante desenvolver unha estratexia para cada situación.

¿Es consciente das posibilidades de descarga legal que tes e os riscos do acceso ilícito?

- A. Verifica se o libro, xornal, partitura ou revista está dispoñíbel na túa biblioteca.
- B. Comproba se a web desde a que descargas a obra ten o seu domicilio fiscal en España e cumpre coas súas obrigas fiscais.
- C. Revisa a política de cookies e o uso dos datos de navegación da páxina.
- D. Verifica se a páxina á que estás accedendo ten risco de malware ou virus revisando as advertencias do navegador, o seu URL ou protocolo HTTP, ou se se activan reenvíos e menús emerxentes sospeitosos.

A viaxe da pirataría

Na análise presentada, puido describirse o proceso completo que percorre unha persoa que quere acceder a contidos piratas até que, finalmente, o consegue.



A viaxe do pirata de publicacións editoriais consiste en buscar, descargar e, ás veces, compartir contidos editoriais ilegalmente, para logo lelos en formato dixital.

Xustificacións da pirataría

O estudo detectou os argumentos que utilizan os piratas para xustificar a pirataría e que actúan como mecanismos de defensa para levar a cabo este tipo de actividade ilícita sen sentirse culpábeis ou en conflito cos seus valores. Estas xustificacións clasificáronse en nove grupos:



1. Tecnoloxía: facilítame piratear máis libros, xornais, revistas e partituras (o 74,30% dos consultados).



2. Prezo: os contidos orixinais son moi caros, do contrario, pagaría por eles (o 49,50% dos consultados)



3. Cultura escrita: facilítame o acceso a ela, democratiza a cultura escrita (o 48,40% dos consultados).



4. Escusas normativas e legais: non hai campañas de concienciación, non se identifica o contido pirata, é lexítimo acceder ao contido se está en internet, non se adaptan ás novas formas de consumo (o 39,70% dos consultados).



5. Practicidade: xa non está dispoñíbel en tendas, evito pagar por algo que logo non me guste, etcétera (o 38,40% dos consultados).



6. Impunidade e falta de consecuencias: é pouco probábel que teña consecuencias (o 34 % dos consultados).



7. Valor do contido dixital: o dixital ten menos valor porque non é un obxecto físico, descargo máis contidos dos que leo (o 30,10 % dos enquisados).



8. Sensacións estimulantes: divírteme; cada vez intento piratear máis contidos, é adictivo; compartir contidos escritos dixitais de balde por WhatsApp, Telegram ou redes sociais dáme prestixio (o 20 % dos enquisados).



9. Repercusión sobre o autor: pirateo máis se non coñezo o autor da obra; beneficio o autor porque promociono a obra; non prexudico economicamente nin o autor nin o editor (o 17,40 % dos consultados).

Os consumidores xustifican a pirataría de contidos editoriais, producida pola disonancia cognitiva, ao minimizaren o conflito entre a súa acción ilegal e a súa ética ou moral, ao crer que non teñen o coñecemento necesario para actuaren doutro xeito, que non existen medidas efectivas contra a pirataría ou que as consecuencias son mínimas.

Nesgos cognitivos, tecnoloxía e pirataría de contidos editoriais

Os nesgos cognitivos –inclinación inconsciente que distorsiona o xuízo e a toma de decisións– desempeñan un papel chave en como as persoas xustifican a pirataría de contidos editoriais, influenciadas polo uso xeneralizado da tecnoloxía. Esta última explota as crenzas que permiten a xustificación da pirataría coa finalidade de incrementar o seu uso de xeito exponencial, o que comporta efectos nocivos para a sociedade.

Identificamos unha serie de nesgos cognitivos que afectan as xustificacións da pirataría da cultura escrita:

- **Ancoraxe:** a persoa asume a primeira información que recibiu sobre a pirataría como a idea de que o contido gratuíto é un dereito, o que condiciona o seu comportamento posterior.
- **Aversión á perda:** a persoa evita o malestar psicolóxico asociado ao gasto de diñeiro que comporta acceder legalmente aos contidos editoriais.
- **Efecto arrastre:** a persoa acepta a pirataría porque ve que é unha práctica estendida e xustificada dentro dun grupo social, a pesar de ser unha actividade ilícita.
- **Efecto vítima identificábel:** a persoa reduce a súa culpa pola pirataría ao facer que o dano que ocasiona aos autores e editoriais pareza menos real do que é, dado que non identifica de forma persoal os prexudicados.
- **Gratificación instantánea:** a persoa prioriza o acceso inmediato e gratuíto ao contido por riba das recompensas a longo prazo de comprar libros legalmente, como pode ser, por exemplo, o apoio aos autores noveis.
- **Normalización:** a persoa percibe a pirataría como algo común, estendido e aceptado na súa contorna social ou cultural.
- **Risco cero:** a persoa céntrase en evitar o gasto inmediato da compra de contidos editoriais e minimiza as consecuencias para os prexudicados pola pirataría.

Estes nesgos cognitivos están aliñados coas forzas que determinan os comportamentos deshonestos, como pode ser a pirataría, tal e como se desprende do libro *The (honest) truth about dishonesty*, do catedrático de Psicoloxía e Economía Comportamental e Nobel de Medicina 2008 Dan Ariely (Ed. Especially Ourselves, 2013). De aí que os factores que xeran estas forzas, como poden ser a capacidade de racionalizar e a creatividade, sexan a base das narracións que se elaboran para xustificar a pirataría de contidos editoriais.

No entanto, o prezo dos contidos ou a posibilidade de ser detectado non sempre son factores decisivos no aumento da deshonestidade. En canto ao prezo, as motivacións e os valores individuais poden influír no comportamento, ademais da mera busca de beneficios económicos. No referente ao risco de detección, poden intervir factores externos, como, por exemplo, as barreiras legais, os recursos tecnolóxicos ou económicos, que limitan a posibilidade de ser identificado.

Por outra banda, existen elementos que poden reducir a incidencia dos comportamentos deshonestos, incluída a pirataría. Estes factores comprenden os mecanismos de control, o compromiso cara á ética e os recordatorios morais, como as campañas de sensibilización.

Os nesgos que máis influen na pirataría de contidos editoriais son aqueles que facilitan a xustificación do comportamento, os que reforzan a percepción de que é unha práctica común ou aceptada e os que minimizan a percepción das consecuencias negativas ou a necesidade de considerar as implicacións éticas e legais.



Zoom: Intelixencia artificial xenerativa, chave na cultura escrita, onde se require dun mercado dixital equilibrado e ético

A Unión Europea aprobou a súa primeira regulación sobre intelixencia artificial (IA), que se implementará gradualmente desde agosto de 2024 até 2027. Esta normativa busca asegurar o desenvolvemento seguro de ferramentas de IA respectuosas cos dereitos fundamentais. En termos de propiedade intelectual, exige transparencia no uso dos materiais protexidos e obriga a etiquetar os contidos xerados por IA, aínda que proporciona unha protección mínima aos dereitos dos autores e editores cuxas obras se utilizan no adestramento destes modelos.

Simultaneamente, o Goberno de España lanzou a súa estratexia de intelixencia artificial xenerativa (IAX) e está desenvolvendo un modelo propio de linguaxe baseado na IA que utilice contidos en castelán e noutras linguas cooficiais para o seu adestramento. Isto subliña o compromiso de España co desenvolvemento das tecnoloxías de IA que reflectan a diversidade lingüística do estado.

Riscos

Na actualidade, moitas das empresas desenvolvedoras de IAX están empregando contidos editoriais sen a autorización dos seus correspondentes titulares de dereitos e sen prever ningún tipo de remuneración, nin nos procesos de adestramento nin nas explotacións posteriores que se fan dos seus produtos. Esta situación está distorsionando o mercado dixital, fomentando a competencia desleal, as prácticas abusivas e xerando problemas de protección de datos e dereitos de propiedade intelectual, mantendo o status quo monopolístico, como vén acontecendo desde a aparición da web 2.1.

Este desequilibrio afecta gravemente aos escritores, tradutores, xornalistas e editores, comprometendo a viabilidade do seu traballo ao incidir nos seus ingresos e investimentos. Por unha banda, afecta ao seu mercado primario, quer dicir, ás vendas directas dos seus contidos, e, ademais, no caso da prensa, tamén ao publicitario. E por outra, ao secundario, o da reutilización dos seus contidos, que tamén sofre as consecuencias da IAX. Todo isto súmase á diminución do valor do seu traballo como ferramenta esencial para o desenvolvemento dunha sociedade culta, educada, innovadora e democrática.

Por último, a xeración automática de contidos presenta riscos para toda a sociedade, ao dificultar a diferenciación entre as obras orixinais e as xeradas por IA, ameazando así a sostibilidade do sector ao desvalorizar a creatividade humana e debilitar os dereitos de autor. Ademais, os negos cognitivos que explotan e desenvolven os contidos producidos polos algoritmos da IA poden influír aínda máis negativamente nas crenzas e valores da sociedade. Cando os valores éticos desaparecen, os novos retos resólvense sempre nos tribunais. O sector editorial é un dos piares nos que se vai basear o novo contrato social xerado pola IA.


Mercado dixital sostíbel e ético

As administracións públicas deberían fomentar medidas que garantan un mercado dixital sostíbel, que fomente a competencia entre empresas desenvolvedoras de IAX, a protección dos datos dos titulares de dereitos afectados, así como os seus dereitos de propiedade intelectual, a través de sistemas de licenciamento, e, por suposto, a creatividade humana.

Terceira parte

Soluciones

3



SOLUCIÓNS

A Administración debe apoiar a cultura escrita porque é o noso patrimonio cultural –e, por tanto, debe ser protexido–, mais tamén a nosa garantía de futuro como individuos, como sociedade e como país. Ademais, achega riqueza no ámbito educativo, desenvolve habilidades que aumentan a eficiencia e a competitividade no ámbito profesional. O investimento en cultura escrita por parte do sector público contribúe a mellorar a súa propia imaxe ante a sociedade.

Este apoio deberíase concretar nos seguintes aspectos:

- **Definir políticas públicas** coa finalidade de recoñecer social e economicamente os contidos editoriais de calidade e os dereitos de propiedade intelectual dos seus autores e editores, tanto no ámbito educativo como no profesional, tanto no mundo analóxico como no dixital, incluíndo a IAX.
- **Desenvolvemento de campañas efectivas** contra a pirataría de contidos editoriais, que teñan en conta as xustificacións que os cidadáns dan para levar a cabo estas accións ilícitas e os nesgos cognitivos que a tecnoloxía explota.
- **Educar e formar en boas prácticas** sobre a propiedade intelectual cos recursos existentes a todos os ámbitos da sociedade, especialmente na comunidade educativa.





www.cedro.org

2024 © CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS REPROGRÁFICOS